

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade

Resolución definitiva das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas de investigación para o ano 2026

ANUNCIO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE INVESTIGACIÓN PARA O ANO 2026

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a resolución do Presidente número 19683 do 5 de maio de 2026, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas de investigación 2026.

A base reguladora 8.2 das bolsas establece que na primeira reunión que se realice, o tribunal poderá reasignar a outra área aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

O tribunal da área de ciencias e o tribunal da área de ciencias da saúde acordaron que as solicitudes de Alba Dieste Caamaño e Tania María Sampayo Roca presentadas na área de ciencias se asignen á área de ciencias da saúde.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de Bolsas de investigación para o ano 2026, de acordo co seguinte:

PERSOAS ADMITIDAS:

(BINV-AH) Área de artes e humanidades

Interesado/a	Título do traballo para o que solicita a bolsa
ANTELO ALVITE, XURXO	A CONFLITIVIDADE AMBIENTAL NOS ALBORES DA DEMOCRACIA. O CASO DA CELULOSA DE NEGREIRA (1975-1979).
CALVO GENS, LAURA	NOVAS NARRATIVAS CRIMINAIS. UN ESTUDO DAS SERIES DE FICCIÓN GALEGAS A TRAVÉS DO GALICIAN NOIR
CASTIÑEIRAS VARELA, REBECA	ARTE URBANA NA PROVINCIA DA CORUÑA. UNHA APROXIMACIÓN AOS MURAIS E GRAFFITI (2008-2024)
CEA NUÑEZ, ABRAHAM ROBERTO	FANTASMAS DO 68. A PRESENZA DOS SITUACIONISTAS NO CONTEXTO SOCIOCULTURAL E ARTÍSTICO DOS ANOS SETENTA EN GALICIA
FERRER MONTERO, XURXO	A ESTRUCTURA TERRITORIAL DO NOROESTE DE GALICIA DURANTE A ALTA E PLENA IDADE MEDIA (C. 700-C.1300): AS TERRAE DE PRUZOS, BEZOUÇOS, TRASANCOS, LABACENGOS E ARROS
GIL MARTINEZ, MARIA	UNHA GRÁFICA PROPIA: OLLADAS DE XÉNERO SOBRE A HISTORIA DA BD E A AUTOEDICIÓN EN GALICIA
LADO PAZOS, VANESA	ELAS: REVISIÓN E RE-ESCRITURA DA IDENTIDADE DE XÉNERO NA LITERATURA GALEGA ACTUAL
MOURE LOPEZ, SARA	A BIBLIA DE SANTO DOMINGO DE BONAVAL E A CIRCULACIÓN LIBRARIA ENTRE PARÍS E COMPOSTELA CA. 1300
PEREIRA GOMEZ, MAR	CORPOS MARCADOS NA ESTEPA: TATUAXE E IDENTIDADE NAS SOCIEDADES NÓMADAS DA CULTURA PAZYRYK
RODRIGUEZ RODRIGUEZ, XOSE XOHAN	ENTRE A CIA E O CONSELLO DA GALIZA: A TRAXECTORIA PARISIENSE DE CÉSAR ALVAJAR DIÉGUEZ (1945-1965)
RUBALCABA HERRERO, ANXO	AS PEGADAS DA ENFERMIDADE NA PREHISTORIA: NOVAS METODOLOXÍAS PARA O ESTUDO DE PALEOPATOLOXÍAS EN PINTURAS DE MANS E ICNITAS ARQUEOLÓXICAS
SERRANO FERNANDEZ, MARIA	ACTIVISMOS HISTÉRICOS: GRAMÁTICAS DO CORPO DESBORDADO NO ARQUIVO E A CULTURA VISUAL GALEGA DESDE 1975.
VALIÑO VAZQUEZ, NOELIA	FERIDAS DA GUERRA, FERIDAS DA MENTE: O IMPACTO TRAUMÁTICO DA GUERRA CIVIL NA PROVINCIA DA CORUÑA (1936-1939)

(BINV-CC) Área de ciencias

Interesado/a	Título do traballo para o que solicita a bolsa
CABEZAS CAMPOS, ANTIA	CARACTERIZACIÓN DEL INTERACTOMA DE UNA PROTEÍNA TIPO LIPOCALINA EN PLASMODIUM FALCIPARUM
FERNANDEZ GONZALEZ, ELENA	IMPACTO TOXICOLÓXICO DOS ANTIBIÓTICOS SOBRE MICROALGAS EN CULTIVOS AXÉNICOS E EN CONSORCIOS CON BACTERIAS DE SISTEMAS DOCEACUÍCOLAS
GONZALEZ RENDO, LARA	CARACTERIZACIÓN DA ACTIVIDADE ANTITUMORAL DUN NOVO INHIBIDOR DA UNIÓN ENTRE PARP E E2F
LOPE REBOLLO, SANTIAGO JOSE	REGULACIÓN SENSORIAL DOS PROCESOS DE DETECCIÓN E ACEPTACIÓN DO ALIMENTO DURANTE O DESENVOLVEMENTO LARVARIO DE PECES TELEÓSTEOS
LORENZO FOJON CARLA	DESEÑO E PREPARACIÓN DE NOVOS MULTISENORES POLIMÉRICOS QUIRÁIS BASEADOS EN POLI(FENILACETILENOS) PARA A DETECCIÓN DE CONTAMINANTES
MENDEZ ARMAS, LARA	CONTAMINANTES EMERXENTES NO LITORAL GALEGO: AVALIACIÓN DA SÚA PRESENZA, DISTRIBUCIÓN E IMPACTO NA PRODUTIVIDADE MARISQUEIRA.
MENDEZ VAZQUEZ, ANGEL	DISTANCIA HOMOTÓPICA E COMPLEXIDADE FUNCIONAL: NOVOS INVARIANTES E ALGORITMOS PARA A ROBÓTICA TOPOLÓXICA
MONTES GARCIA, CARMEN	SUPLEMENTACIÓN NATURAL PARA FOMENTAR A SUSTENTABILIDADE PRODUTIVA E MELLORAR A CALIDADE DIETÉTICA DA CARNE DE TENREIRA DA RAZA AUTÓCTONA RUBIA GALEGA
MOURENTE BLANCO, ROBERTO	CLAVES PARA A XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE DOS ECOSISTEMAS DO NORTE DE GALICIA: O PAPEL DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS E OS INCENDIOS NA BIODIVERSIDADE
SAAVEDRA BOUZA, ALMUDENA	DINÁMICA DA RESISTENCIA A ANTIBIÓTICOS NO SOLO BAIXO DIFERENTES PRÁCTICAS DE XESTIÓN AGRÍCOLA: UN ENFOQUE METAXENÓMICO INTEGRADOR

(BINV-CS) Área de ciencias da saúde

Interesado/a	Título do traballo para o que solicita a bolsa
BLANCO VALES, MARIA	INNOVACIÓNS TECNOLÓXICAS EN MATERIAIS DE USO BIOMÉDICO CARA A SÚA PRODUCIÓN EFICIENTE E SOSTIBLE
DIESTE CAAMAÑO, ALBA	NUEVOS MECANISMOS MOLECULARES IMPLICADOS EN LA REGULACIÓN DE LA PLASTICIDAD DEL TEJIDO ADIPOSO Y SU IMPACTO EN LA OBESIDAD.
IGLESIAS BALEATO, MARIA	NANOFORMULACIÓNS EMPREGANDO GLICOENXEÑARÍA METABÓLICA E QUÍMICA CLICK PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVAS TERAPIAS DIRIXIDAS CONTRA O CANCRO
ORTEGA ESPINA, SARA	AXENTES BIOMOLECULARES PARA DIAGNOSTICAR E PREVER A DISFUNCIÓN DA BARREIRA HEMATOENCEFÁLICA.
PAZ CASTRO, ALBA	DESENVOLVEMENTO DE TERAPIAS UNIVERSAIS ENCAPSULADAS BASEADAS EN CÉLULAS CAR-T MODIFICADAS EN CANCRO DE PULMÓN
PAZ MOSQUERA, ANDREA	AVALIACIÓN DA INERVACIÓN TUMORAL EN GLIOMA TRAS RADIOTERAPIA ESPACIALMENTE FRACCIONADA (MBRT) E IDENTIFICACIÓN DE MECANISMOS MOLECULARES MEDIANTE PROTEÓMICA E VALIDACIÓN EN MEDULOBLASTOMA.
PUDDU, LUCA	ESTUDO SOBRE OS RISCOS POTENCIAIS DO USO DE ENVASES RECICLADOS - RECYCLED PACK SAFE
SAMPAYO ROCA, TANIA MARIA	DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA DE DETECCIÓN PARA O DIAGNÓSTICO DE INFECCIÓNS PERIPROTÉSICAS
SANDINO SOMOZA, IVAN	MODELOS DE INMUNOESFEROIDES 3D PARA LA EVALUACIÓN DE INMUNOTERAPIAS ANTITUMORALES

(BINV-EA) Área de enxeñaría e arquitectura

Interesado/a	Título do traballo para o que solicita a bolsa
BERMUDEZ MARTINEZ, CANDELA	DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DUN ENTORNO ANALÍTICO PARA A ANÁLISE E EXPLOTACIÓN DE DATOS NUN SISTEMA DE COMERCIO LOCAL
CAMPOS BLANCO, XAIRO	SENTINEL-RURAL
GODOY NUÑEZ, MAITENA	ESTUDO DE PROBLEMÁTICAS E PROPOSTA DE SOLUCIÓNS PARA A INTEGRACIÓN DE INFRAESTRUTURA VERDE EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS DA CORUÑA

(BINV-SX) Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero

Interesado/a	Título do traballo para o que solicita a bolsa
ALCALDE SILVEIRA, MIGUEL	CARA A UN CINE QUEER GALEGO: RASTREXO E ELABORACIÓN DUN CORPUS INCIPIENTE
CASAL MARTINEZ, RAUL	A PARTICIPACIÓN COMUNITARIA E CULTURAL DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO: UN ESTUDO DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA.
CASTRO MOSQUERA, TAMARA	VALORACIÓN DO IMPACTO DAS TECNOLOXÍAS NO BENESTAR EMOCIONAL DAS ADOLESCENTES DA PROVINCIA A CORUÑA

Interesado/a	Título do traballo para o que solicita a bolsa
CEA RODRIGUEZ, NATALIA	DE MEDRAR A TECER REDES. UNHA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE LINGÜÍSTICA E CULTURAL NA ADOLESCENCIA.
CORTEZ LOPEZ, HERNAN FELIPE	TRANSICIÓN ECOLÓXICA E PROTECCIÓN AO CONSUMIDOR: A ADAPTACIÓN DO DEREITO PRIVADO GALEGO ÁS DIRECTIVAS EUROPEAS DE SUSTENTABILIDADE
ESPARIS PEREIRO, JULIO	A DIMENSIÓN SOCIOEDUCATIVA DA GOBERNANZA LOCAL. CARTOGRAFÍA E ANÁLISE MUNICIPAL NA PROVINCIA DA CORUÑA
FERNANDEZ CORES, TAMARA	POLÍTICA, REXEITAMENTO E PERTENZA. A REPRESENTACIÓN POLÍTICA ANTI-INMIGRACIÓN COMO NORMA SOCIAL E O SEU EFECTO NA INTEGRACIÓN EMOCIONAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE
GONZALEZ RODRIGUEZ, ANDRES	GALICIA NA TURBULENCIA GLOBAL: VULNERABILIDADE ESTRUCTURAL FRENTE A SHOCKS XEOPOLÍTICOS NUN MODELO DE EQUILIBRIO XERAL COMPUTABLE MULTI-REXIONAL
GONZALEZ SIXTO, MARIA	'CORPUS AN ILLUD EBUR'. REFLEXIÓNS EN TORNO O CORPO FEMININO: MATERIALIDADE E ANATOMÍA COMO VEHÍCULOS DE MEDIACIÓN RELIXIOSA
GUNTIN MAREQUE, LIDIA	BARREIRAS E FACILITADORES ASOCIADOS Á ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DE MACROPROXECTOS INDUSTRIAIS EN GALICIA
HERNANDEZ CABEZAS, ARTUR	(DES)CONECTA+: INTERVENCIÓN DIXITAL ASÍNCRONA PARA A MELLORA DO BENESTAR LABORAL
LOPEZ SEOANE, DIEGO	MUSEOS GALEGOS EN TRANSICIÓN DIXITAL: AVALIACIÓN DE REALIDADES E PROPOSTAS DESDE A PERSPECTIVA SOCIOEDUCATIVA
LORENZO CAMPOS, AIDA	PARTICIPACIÓN COMUNITARIA E ASOCIACIONISMO SOCIOCULTURAL NA PROVINCIA DA CORUÑA: APROXIMACIÓN SOCIOEDUCATIVA ÁS REALIDADES, DESAFÍOS E OPORTUNIDADES
OLIVEIRA BALEIRON, ALBA	EFFECTOS DAS RUTINAS DIARIAS DE MOVEMENTO NA COMPETENCIA MOTRIZ, NA ADHERENCIA E NA PRÁCTICA DE ACTIVIDADE FÍSICA EN EDUCACIÓN INFANTIL NO RURAL DA PROVINCIA DA CORUÑA: O PROGRAMA ROUTACTIVE E ESTRATEXIAS INNOVADORAS.
PAZ CERVANTES, FRANCISCO JAVIER	O IMPACTO DA NEURODIVERSIDADE NO COMPORTAMENTO DE COMPRA E CONSUMO
POUSO TUBIO, MARTIN	A VICTIMIZACIÓN PATRIMONIAL E PERSOAL EN GALICIA. ESTIMACIÓN DA CIFRA OCULTA DA DELINCUENCIA MEDIANTE ENQUISAS
VELO CASAS, AITANA	DIFERENZAS NO DESENVOLVEMENTO NARRATIVO EN NENOS E NENAS CON TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE (TDL) NO ÁMBITO URBANO E RURAL

PERSOAS EXCLUÍDAS:

(BINV-SX) Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero

Interesado/a	Motivo exclusión
GONZALEZ PEREZ, DANIEL	Incumprimento do requisito de residir nun concello da provincia de A Coruña cunha antigüidade ininterrompida mínima dun ano antes da data da publicación no BOP das bases reguladoras.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 3 de xuño de 2026

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez

2026/3800